

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1204/2025	O Pleno	30/07/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data indicada adoptouse o seguinte acordo:

Expediente 1204/2025. ORZAMENTO XERAL DO ANO 2026. MODIFICACION CADRODE PERSOAL E ANEXO DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria	Tipo de maioría:
		Absoluta

A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 3, Ausentes: 1

Votación	A favor	En contra	Abstencións	Ausentes
Primeira	7	2	3	1

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a necesidade de modificar o cadro de persoal do orzamento xeral do Concello de Guitiriz para o ano 2026 coa inclusión dunha nova praza de auxiliar de xeriatría, así como o anexo de persoal laboral fixo no mesmo senso.

Visto que non se procede a modificar cuantitativamente o importe total do orzamento, xa que neste intre do exercicio orzamentario, hai crédito suficiente e adecuado nas aplicacións orzamentarias das retribucións de persoal laboral fixo de auxiliar de xeriatría debido as vacantes que no se cubriron dende o 1/1/2026.

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Alcaldía formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2026 que está en vigor.

Vista a reunión cos representantes do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz e o borrador da acta da mesa de negociación de data 15/07/2026.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio xunto co cadro de persoal, polo que é o mesmo órgano o competente para a aprobación da súa modificación.

Vista a proposta de resolución PR/2026/932 de 22 de xullo de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 22 de xullo de 2026.

RESOLUCION

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Cadro de persoal que se acompaña ao expediente.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal que se acompaña ao expediente en canto ao persoal laboral fixo.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no BOP de Lugo do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

